

13-2-1962.

B enquierido Tobio:

Recibín a túa carta cordial que paso a respostar.

Un sin fin de problemas de traballo e familiares (a morte dun parente, un ataque de parálisis dunha cuñada) me teñen sin vagar para dar remate ao traballo encol da música popular galega, tendo en conta a responsabilidade do mesmo dado o seu destiño.-

No próximo mes de Marzo, decidín tomarme unhas vacaciones (fai xa anos que non disfruto delas) e aproveitar ese descanso para dar cumprimento a tan difícil compromiso.- Si é posibel que podas agardar para entón agradeceríacho moito.-

A miña xente agradez e retribuie os teus garimosos saúdos aos que engado a miña aperta forte de sempre,

Pita

Contest.  
22 II 62